

INFORME DE ACTIVIDADES

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE) *

Xaneiro e febreiro de 2015

23/12 (Santiago de Compostela) Reunión do padroado da Fundación Galicia Europa . Nesta segunda e última reunión do ano marcáronse as liñas de actuación para o ano 2016. No marco da defensa dos intereses de Galicia ante a UE, farase fincapé na sensibilización sobre os desafíos demográficos, a I+D+i e a defensa dos sectores estratéxicos galegos. Ademais, a FGE seguirá co programa TecEuropa posto en marcha en 2015 para constituír unha rede de técnicos galegos en proxectos europeos e, na mesma liña, continuará coa organización de seminarios que melloren o coñecemento das oportunidades que ofrece a UE.

14/01, 17/02 (Bruxelas) Reunións da comisión de Pesca do Parlamento Europeo. A Consellería do Mar, a través do convenio que mantén coa FGE para destacar a un técnico en Bruxelas, realiza un seguimento desta comisión parlamentaria onde se debaten as propostas da Comisión Europea relativas á Política Pesqueira Común antes de ser elevadas á votación polo pleno da Eurocámara. Nestes dous primeiros meses do ano destaca o debate co ministro holandés de agricultura, Martijn Van Dam, a audición sobre harmonización dos controis da pesca na UE e a votación de senllos informes sobre a pesca artesanal en rexións dependentes da mesma e sobre a dimensión exterior da pesca.

14/01 (Bruxelas) Reunión do Grupo “Estratexia Atlántica” da Comisión do Arco Atlántico. A FGE participou en representación de Galicia nesta reunión que reúne ás rexións atlánticas de España, entre elas Galicia, Francia, Reino Unido e Irlanda para facer un seguimento da estratexia de cooperación no Océano

Atlántico posta en marcha en 2011. A falta de visibilidade desta estratexia foi o eixo central desta reunión que contou como invitados a unha representante da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea – departamento encargado de impulsar as estratexias macro-rexionais- e a conselleira de Asuntos Marítimos da Representación Permanente de Irlanda ante a UE. Irlanda preside este ano o *Atlantic Strategy Group*, que reúne aos cinco estados implicados máis as institucións e órganos comunitarios para avaliar a execución do Plan de Acción posto en marcha en 2013 para revitalizar as economías mariñas e marítimas destes cinco países.

14-15/01 (Bruxelas). Panel de Expertos sobre como acelerar a implantación da agricultura intelixente en Europa. No marco do seminario “Oportunidade para a agricultura dixital en Europa”, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) participou nun panel de expertos centrado na adopción das tecnoloxías dixitais no sector agrícola organizado e moderado por Gradient, o Centro Tecnolóxico TIC de referencia en Galicia. GAIN participou xunto con representantes do Parlamento Europeo, a administración pública británica, a asociación europea de fabricantes de maquinaria agrícola (CEMA) e a asociación europea de produtores e cooperativas agrarias (COPA-COGECA) para ofrecer o punto de vista dunha administración rexional neste ámbito. Gradient representou neste seminario á AIOTI, a alianza europea chamada a liderar o despegue da Internet das cousas nos próximos anos, na que encabeza un grupo de traballo dedicado á Agricultura Intelixente e a Seguridade Alimentaria.

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

15/01 (Bruxelas) Reunión do grupo de expertos sobre moluscos bivalvos.

Galicia participa neste grupo en representación das comunidades autónomas, xunto aos representantes estatais. A súa misión é a recompilación de opinión de expertos sobre a idoneidade dunha futura lexislación sobre determinados aspectos sanitarios dos moluscos bivalvos, así como da súa revisión e posibilidades de modificación. Nos últimos meses o debate está centrado en aspectos específicos da lexislación sobre pectínidos salvaxes e nunha enquisa da autoridade europea sobre virus en ostras.

15/01 (Bruxelas) Reunión de directores das Oficinas de CC AA en Bruxelas.

Asturias coordina o sistema informal de colaboración de oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE) durante o primeiro semestre de 2016. Nesta primeira reunión do ano na que participou a directora da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, aprobouse o programa de traballo semestral dos 10 grupos de coordinación técnica e abordouse o procedemento posto en marcha coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER) para avaliar a participación autonómica no Consello da UE.

18/01 Incorporación dos novos bolseiros FGE. Tras o proceso de selección que comezou en novembro, incorporáronse seis novos bolseiros ás oficinas da Fundación Galicia Europa: dous en Santiago de Compostela e catro en Bruxelas. O director da FGE reuniuse en xaneiro cos bolseiros de ambas sedes para darlles a benvida e o 4 de febreiro celebrouse unha reunión de formación dos novos bolseiros e programación das actividades de 2016. Estas bolsas, de 11 meses de duración, teñen por obxectivo a formación de titulados superiores no seguimento das políticas comunitarias, a comunicación dos asuntos europeos e o secretariado de dirección. Presentáronse

máis de cen candidatos á convocatoria 2016 das bolsas FGE. O proceso de selección consistiu en tres fases: unha proba escrita, unha valoración de méritos e unha entrevista.

19/01 (Bruxelas) Reunión con ANFACO-CECOPESCA.

O secretario xeral da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos - Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca reuniuse coa FGE dentro da súa axenda de reunións na capital comunitaria para abordar os problemas que afectan á competitividade da industria atuneira. ANFACO-CECOPESCA presentou o Observatorio da Trazabilidade posto en marcha en España para facer un seguimento do cumprimento da normativa comunitaria por parte das conservas de atún presentes no mercado comunitario. Este novo organismo quere prestar apoio á Comisión Europea para velar pola trazabilidade deste tipo de conservas en aspectos tan relevantes como a pesca ilegal ou a lexislación sanitaria e laboral.

18, 21/01 Reunións do Comité da OCMU- Produtos Gandeiros.

En representación das CCAA, Galicia participa neste comité da Comisión Europea encargado de recoller información dos Estados membros respecto da actividade gandeira para a aplicación da Organización Común de Mercados Única (OCMU). Actualmente, este comité está levando a cabo un seguimento das medidas de mercado en favor do sector lácteo e porcino, entre outros.

26/01 (Bruxelas) Visita de 20 alcaldes galegos á sede da Fundación Galicia Europa.

No marco dunha visita institucional á capital comunitaria, a FGE informou a este grupo de rexedores dos puntos básicos do financiamento comunitario, ademais de distribuír a súa guía informativa ao respecto. Tras unha

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

explicación do papel da FGE en Bruxelas, fíxoselles unha introdución ao marco xeral que rexe os fondos Estruturais e de Investimento Europeos, ademais doutros programas de fácil acceso aos concellos como Life - referido a proxectos medioambientais- e os programas de cooperación territorial. A Fundación Finnova explicou, ademais, diversas iniciativas locais innovadoras no eido da recuperación de residuos sólidos urbanos para obter enerxía.

27/01 (Bruxelas) Reunión co gabinete do vicepresidente da Comisión Europea para a competitividade. Os directores de oficinas de CCAA en Bruxelas reuníronse co único membro español do gabinete de Jyrki Katainen, vicepresidente da Comisión Europea para o Emprego, Crecemento, Investimento e Competitividade. O tema central da reunión foi a evolución do Plan de Investimentos para Europa. Unha das cuestións máis debatidas foi a posibilidade de que as administracións públicas participen nos proxectos financiados por este plan sen que as súas achegas financeiras se teñan en conta para o cómputo do déficit nacional.

05/02 (Bruxelas) Reunión informativa sobre un proxecto europeo en materia de turismo cultural. A iniciativa da oficina de Cornualles, a FGE e outras oficinas de representación rexional en Bruxelas reuníronse para abordar as posibilidades de implicar as súas rexións nun proxecto europeo no eido do turismo cultural para presentar á convocatoria de cooperación interrexional *Interreg Europe* que abrirá a súa segunda convocatoria o 5 de abril.

05/02 (Malta) Conferencia Internacional de Asesoramento Económico na Gobernanza Pesqueira. A conselleira do Mar, Rosa Quintana, participou nesta conferencia organizada pola Comisión Europea para reivindicar a importancia dos datos socioeconómicos na xestión

marítimo-pesqueira e subliñar a vital importancia que ten para Galicia a dimensión social e económica das pesquerías, ademais da ambiental. A conselleira aplaudiu, ademais, a dotación económica que o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca ten para a recollida de datos e a actual elaboración do regulamento sobre a compilación, xestión e uso dos datos do sector.

03/02 Grupo de traballo para a avaliación da participación autonómica no Consello da UE. A FGE participou nun dos catro grupos de traballo establecidos pola Consellería de Asuntos Autonómicos da REPER para facer balance dos máis de dez anos de participación autonómica no Consello da UE e facer propostas de mellora. Xunto con outras CCAA, Galicia participou no grupo relativo á transmisión de información, suxerindo catro propostas de mellora: a elaboración dunha guía de asistencia inicial para os participantes autonómicos, a realización dunha avaliación continuada da participación autonómica, a instauración dun sistema de actualización dos contactos nas CC AA e a mellora dos contidos da información que se transmite entre as CC AA.

05/02 (Bruxelas) Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións (CdR). Na primeira reunión do ano desta comisión na que participa Galicia, aprobouse un proxecto de ditame no que se reclama unha mellora da atención aos refuxiados nas zonas de orixe. Os membros de CIVEX debateron, ademais, sobre as medidas contra a radicalización e o extremismo violento aplicadas a nivel local e rexional, así como sobre o papel dos entes subestatais na Estratexia Europea de Ampliación a Turquía e aos países dos Balcáns Occidentais. A reunión completouse cun debate sobre as relacións da UE con países veciños como Exipto, Tunisia ou

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

Ucráina e a exposición dun informe de observación electoral nos comicios locais en Ucraína en 2015.

9/02 (Bruxelas) Reunión do grupo de traballo de transporte da Comisión do Arco Atlántico. A FGE asistiu a esta reunión na que se analizou o proceso de selección e o éxito de proxectos presentados ás convocatorias do mecanismo Conectar Europa: o 40 % deles pasan o primeiro filtro e son recomendados para execución. Tamén se abordou a situación da Rede Transeuropea de Transporte, en especial, do Corredor Atlántico e as Autopistas do Mar previstas. Dentro da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, Galicia forma parte desta comisión xeográfica referida á área atlántica que conta con seis grupos de traballo nos eidos de transporte, turismo, enerxías mariñas, innovación, pesca e Estratexia Atlántica.

09-10/02 (Bruxelas) Pleno do Comité das Rexións. No primeiro pleno do ano no CdR aprobáronse seis ditames, aos que Galicia contribuíu apoiando 41 emendas, das que preto da metade recibiron luz verde dos membros da asemblea. Entre elas destacan as referidas á inclusión de criterios demográficos para o deseño da política rexional despois de 2020. Compareceron antes os representantes rexionais e locais o presidente do Consello Europeo, Donald Tusk, un ministro holandés en representación da Presidencia da UE e os comisarios de Política Rexional e Educación, Cultura, Xuventude e Deporte. Ademais, aprobouse unha resolución de urxencia en favor do Acordo de Schengen na que se reivindicaban os logros económicos, sociais, territoriais e simbólicos da supresión das fronteiras interiores de 26 países europeos

11/02 (Bruxelas) Reunión do grupo interrexional de cooperación transfronteiriza do Comité das Rexións.

Este grupo, formado por 30 membros do CdR entre os que se atopa o representante galego, reuniuse por segunda vez dende a súa creación para abordar a posibilidade de organizar, antes do verán, unha conferencia sobre a xestión transfronteiriza dos desastres naturais. O CdR anunciou, pola súa parte, a celebración de dous seminarios en abril e xullo relacionados coa cooperación transfronteiriza e as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT).

11/02 (Bruxelas) Reunión do Grupo Interrexional do Automóbil do Comité das Rexións. O encontro do grupo, que engloba a 50 rexións do CdR, entre as que se atopa Galicia, centrouse no futuro da industria automobilística nas rexións europeas e na presentación do plan de traballo para este ano. Celebráronse dúas reunións e un seminario temático coincidindo coa comisión de Economía do Comité das Rexións, ademais dunha conferencia en Valencia a finais de setembro. O director para a Transformación Industrial da Comisión Europea presentou GEAR 2030, o grupo de alto nivel para a industria do automóbil que vén de constituírse e está formado por 25 membros: 12 Estados membros (España entre eles) e 13 representantes da industria e outras partes interesadas neste sector. O Comité das Rexións participará como observador a través do Grupo Interrexional do Automóbil.

17/02 (Bruxelas) Participación do director da FGE, Jesús Gamallo, no debate Via Europa, emitido por El Punt Avui TV. O director da FGE participou xunto a outros cargos homólogos e directores de oficinas de comunidades autónomas españolas ante a UE nun debate sobre a acción exterior das rexións e a súa voz nas institucións comunitarias. Jesús Gamallo explicou que no caso galego a acción exterior busca a utilidade e a eficiencia e que a prioridade da FGE é

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

apoiar os intereses de Galicia perante a UE en materias como a agricultura, a pesca ou a innovación. Para lograr esta meta, a comunidade aprobou recentemente o Decreto 178/2015, que regula de xeito integral a acción exterior galega.

18/02 (Bruxelas) Reunión coa vicerreitora de internacionalización da USC. A nova responsable de internacionalización da Universidade de Santiago de Compostela visitou a oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas co obxectivo de estudar as posibilidades de reforzar a súa presenza na capital comunitaria. Actualmente, as tres universidades galegas manteñen un convenio de colaboración co Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para contar cun espazo de traballo nas súas dependencias en Bruxelas que lles permita facer un seguimento das oportunidades de financiamento europeo. En xaneiro, ademais, inaugurouse a oficina conxunta da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) e do Conselho de Reitores das Universidades Portuguesas (CRUP).

19/02 (Santiago de Compostela) Xornada sobre os 30 anos de pertenza de España á Unión Europea. O evento, celebrado na Escola Galega de Administración Pública coa colaboración da Fundación Galicia Europa, fixo balance destes anos de pertenza á Unión centrando o foco de interese nas administracións locais e no proceso de adaptación das mesmas ao escenario europeo, para o que contou con representantes de varios concellos que compartiron as súas experiencias neste eido.

19/02 (Bruxelas) Reunión sobre as novas propostas legislativas en materia de residuos . O coordinador de Economía Circular para España da Comisión

Europea analizou cos representantes das CC AA as propostas de Directiva actualmente a debate relacionadas cos residuos. Ademais da FGE, asistiron a esta reunión a través de videoconferencia dúas representantes da Consellería de Medio Ambiente e de SOGAMA. Para 2030 a meta europea é lograr que se reciclen un 65% dos residuos. En España, a redución dos vertedoiros emprenderase a través dunha taxa de vertedoiro común para todos os municipios españois e un sistema de pago por xeración, entre outras medidas. Como actividade complementaria ao encontro, a FGE participou unha semana despois nunha visita á planta de xestión de residuos de Van Ganewinkel, en Flandres.

22/02 (Bruxelas) Visita a Bruxelas da conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez. A titular de Medio Rural reuniuse cos directores de Desenvolvemento Rural e Mercados da Comisión Europea para facerlles chegar as demandas do goberno galego sobre o sector lácteo. A conselleira pediu unha subida dos prezos de intervención do leite en po, transparencia na cadea de produción e un peso específico para o sector galego nas negociacións en canto que novena rexión produtora de leite en Europa e primeira de España. A conselleira reiterou tamén a necesidade de aumentar a base territorial dos gandeiros galegos e simplificar a Política Agraria Común (PAC) para dar seguridade aos produtores. A FGE colaborou coa Consellería na organización desta visita e acompañou á conselleira nalgunhas reunións.

23/02 (Bruxelas) Reunión do grupo de Bioeconomía de Rede de Rexións Europeas para a Investigación e Innovación (ERRIN). A Fundación Galicia Europa acolleu este encontro organizado por ERRIN, a rede rexional para a investigación e a innovación na que Galicia participa a través da Axencia Galega de

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

Innovación (GAIN). Durante a reunión, o responsable de bioeconomía da Dirección Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea anunciou que as prioridades rexionais neste campo serán obxecto dun estudo que se iniciará en marzo e que servirá de base para a revisión da actual estratexia europea de bioeconomía. Ao encontro asistiron medio centro de representantes rexionais de España, Francia, Italia, Finlandia, Dinamarca, Reino Unido, Suecia, Noruega e Irlanda.

24/02 (Bruxelas) Reunión da Rede de Rexións afectadas polo Cambio Demográfico DCRN (Demographic Change Regions Network). Durante esta primeira reunión presidida por Castela e León dende que asumiu a coordinación o pasado ano, houbo un amplo debate sobre como afrontar os retos demográficos dende a perspectiva europea, coa intervención dun representante da Comisión Europea; rexional, coa exposición por parte de Turingia, Extremadura e Galicia de boas prácticas nos seus territorios, e académica, coa presentación dun estudo sobre as causas da baixa natalidade en Finlandia. Nunha segunda parte, Castela e León presentou as súas ideas para o ditame “A resposta da UE ante o desafío demográfico” que está a elaborar no CdR e recolleu as achegas das rexións presentes. A FGE participou na reunión como membro desta rede en representación da Xunta de Galicia

24/02 (Bruxelas) Presentación de ideas de proxecto para Horizonte 2020 e Interreg. Cerca de 80 representantes de rexións e universidades europeas participaron nesta reunión organizada pola Asociación Europea de Axencias de Desenvolvemento (Eurada) para expoñer ideas de proxecto ás convocatorias previstas de H2020 e de Interreg Europe. En total, presentáronse unha ducia de

ideas de proxectos en ámbitos tan diferentes como a economía social, o patrimonio histórico ou a industria do metal.

25/02 (Malinas) Visita a proxectos locais contra o extremismo relixioso.

Organizada polo Comité das Rexións, esta visita reuniu aos coordinadores políticos da comisión CIVEX e a eurodeputada española Maite Pagazaurtundúa para coñecer os mecanismos de prevención, construción da identidade e igualdade de xénero para previr a radicalización violenta na cidade belga de Malinas. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE e director da FGE, Jesús Gamallo, participou nesta visita que servirá para alimentar o ditame que sobre este tema está a preparar o alcalde de Malinas no seo de CIVEX.

Outras actividades

- **Actualización** diaria e xestión de **redes sociais** da FGE (Facebook e Twitter), con información corporativa, novas da UE e **oportunidades de traballo** e prácticas para mozos en Europa.
- Redacción e publicación de **oito** noticias sobre as actividades da FGE e **24** sobre a Unión Europea no portal web da FGE.
- Actualización da *Guía de prácticas e saídas laborais na UE e en organizacións internacionais* no seu formato electrónico.
- Actualización do apartado de Financiamento Comunitario no portal web: publicación de **23** convocatorias e **6** procuras de socios para a presentación de propostas de proxectos europeos.

Outras direccións

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

- Resolución de tres consultas sobre financiamento comunitario referidas - entre outros- ao programa Erasmus+ e á construción dun centro asistencial para maiores, e de dous consultas en relación coas posibilidades de prácticas e saídas laborais nas institucións comunitarias.
- Asistencia a diferentes **reunións, seminarios e conferencias** en Bruxelas sobre o desenvolvemento de políticas europeas que afectan a Galicia:
 - 11/01 Grupo de traballo de ERRIN sobre saúde. Oficina da rexión sueca de Skane en Bruxelas
 - 12/01 Grupo de traballo de ERRIN sobre influencia política. Oficina das provincias holandesas en Bruxelas
 - 13/01 Grupo de traballo de ERRIN sobre Crecemento Azul. Oficina de Nord Pas de Calais en Bruxelas
 - 18/01 Grupo de traballo de ERRIN sobre Innovación e Investimento. Oficina de Trento en Bruxelas.
 - 20/01 Grupo de traballo de ERRIN sobre Especialización intelixente Oficina de Escocia en Bruxelas.
 - 21/01 “Innovación na administración pública e o uso das TIC na axilización de trámites”. Oficina da rexión capital de Dinamarca en Bruxelas.
 - 25/01 Grupo de traballo de ERRIN sobre Enerxía e Clima. Oficina de ERRIN
 - 26/01 Reunión da rede en Bruxelas da *Vanguard Initiative* . Delegación do País Vasco
 - 26/01 “Ecosistemas europeos de innovación: gobernanza e apoio eficaz á especialización intelixente”. Comité das Rexións
 - 27/01 Seminario da *Vanguard Initiative*: “Fabricación avanzada para o desenvolvemento de aplicacións enerxéticas en contornas severas”. Comité das Rexións
 - 02/02 Conferencia sobre os instrumentos financeiros do Fondo Social Europeo. Comisión Europea
 - 02/02 Reunión das oficinas de CCAA co conselleiro de Medio Ambiente da Representación Permanente de España ante a UE
 - 03/02 Reunión do grupo de traballo *Open Science* de ERRIN. Oficina da Rexión Capital de Dinamarca en Bruxelas.
 - 05/02 “A Asociación Europea de Innovación en Envellecemento Activo e Saudable”. Oficina de ERRIN
 - 10/02 Grupo de traballo de ERRIN sobre TIC. Oficina do norte de Dinamarca en Bruxelas
 - 11/02 Grupo de traballo de CORE en I+D+i. Oficina española de Ciencia e Tecnoloxía. Bruxelas.
 - 16/02 “25 anos do xornal dixital *Aquí Europa*”. Sede do xornal en Bruxelas.
 - 16/02 Presentación de resultados do proxecto Factores de éxito nas

*O presente informe da conta das actividades nas que a FGE ten participado ou colaborado en canto que entidade instrumental da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE e para a información e formación sobre os asuntos comunitarios en Galicia

fábricas do futuro (FoF Impact)
sobre a industria 4.0

- 25/02 Reunión das comunidades autónomas cos conselleiros de I+D+i da Representación Permanente de España ante a UE. Oficina da REPER. Bruxelas.